

ACTA NÚMERO: 07/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 19 DE FEBREIRO DE 2026.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 19 de febreiro de 2026 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Manuel Carramal Silva, Xefe da Sección de Informes da Secretaría.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 12 de febreiro de 2026 (Reunión 06/2026).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Editorial Castrelos, S.L. (CIF B27815786) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2026000679).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Radio Vigo, S.A.U. (CIF A36612414) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025068964).*
4. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)". (Expte.- 2025056465).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)". (Expte.- 2025056465).*
6. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do acordo marco convocado para regular a contratación do servizo de "Asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais". (Expte.- 2025048312).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do acordo marco convocado para regular a contratación do servizo de "Asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais". (Expte.- 2025048312).*
8. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución de reforma dunha edificación para área de recepción de visitantes do castelo de Soutomaior. (Expte.- 2025037376).*
9. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de renovación parcial do sistema de aire acondicionado do CPD da Deputación. (Expte.- 2025070768)*
10. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de renovación parcial do sistema de aire acondicionado do CPD da Deputación. (Expte.- 2025070768).*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo



Provincial do PSdeG-PSOE e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 12 de febreiro de 2026 (Reunión 06/2026).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 12 de febreiro de 2026 (Reunión 06/2026).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Editorial Castrelos, S.L. (CIF B27815786) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2026000679).

Por Resolución Presidencial número 2026000753 de data 29 de xaneiro de 2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de cobertura publicitaria con Editorial Castrelos, S.L. de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Editorial Castrelos, S.L. (CIF B27815786), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 02/02/2026.

A empresa Editorial Castrelos, S.L. (CIF B27815786) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	20.661,16 €
IVE (21 %)	4.338,84 €
Importe ofertado con IVE	25.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Editorial Castrelos, S.L. (CIF B27815786), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado



para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Radio Vigo, S.A.U. (CIF A36612414) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025068964).*

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 30 de xaneiro de 2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de cobertura publicitaria con Radio Vigo, S.A.U. de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Radio Vigo, S.A.U. (CIF A36612414), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 03/02/2026.

A empresa Radio Vigo, S.A.U. (CIF A36612414) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	103.305,79 €
IVE (21 %)	21.694,21 €
Importe ofertado con IVE	125.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Radio Vigo, S.A.U. (CIF A36612414), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

4. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)". (Expte.- 2025056465).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 19 de decembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)".



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 7 de xaneiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- NAROM, S.L.
- UTE ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ASFALTOS GALAICOS, S.L.

A Mesa de Contratación na reunión do día 29 de xaneiro de 2026 procedeu á apertura nos sobres "A" da documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao con data 17 de febreiro de 2026, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	21,00	3,00	24,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	20,00	2,00	22,00
NAROM, S.L.	18,00	3,00	21,00
UTE ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ASFALTOS GALAICOS, S.L.	18,00	2,00	20,00
HORDESCON, S.L.	12,00	2,00	14,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, D. César Aja Chao, de data 17 de febreiro de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)".

5. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avialable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201



Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)". (Expte.- 2025056465).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "*Mellora da seguridade viaria na E.P. 6201 Rodeiro-Vilela, dende o P.Q. 0+000 ao P.Q. 2+380 e na E.P. 6202 Rodeiro-Oseira, dende o P.Q. 5+652 ao P.Q. 5+980 (Concello de Rodeiro)*".

LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.	24,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	22,00
NAROM, S.L.	21,00
UTE ORESA CONSTRUCCIÓN Y SERVICIOS GLOBALES, S.L. - ASFALTOS GALAICOS, S.L.	20,00
HORDESCON, S.L.	14,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B" correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	376.218,61 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	391.838,02 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	430.044,48 €	1,00%	12 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	413.689,03 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
UTE ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.- ASFALTOS GALAICOS, S.L.	414.511,13 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



A continuación procedese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas, CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U e FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L., de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

A Mesa de Contratación acorda facultar ó Secretario para que proceda a requirir ás citadas empresas para que no prazo improrrogable de cinco días hábiles, xustifiquen as ofertas e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables de que dispoñan para executar este contrato.

6. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do acordo marco convocado para regular a contratación do servizo de "Asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais". (Expte.- 2025048312).*

A Presidenta a petición dos membros da Mesa de Contratación acorda retirar da orde do día, para un mellor estudo do informe técnico, o asunto correspondente á aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" do acordo marco convocado para regular a contratación do servizo de "Asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais".

7. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do acordo marco convocado para regular a contratación do servizo de "Asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais". (Expte.- 2025048312).*

A Presidenta acorda retirar este asunto da orde do día ao non procederse á aprobación das valoracións técnicas dos sobres "B" do acordo marco convocado para regular a contratación do servizo de "Asistencia técnica de redacción de proxectos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais".

8. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución de reforma dunha edificación para área de recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior. (Expte.- 2025037376).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución Presidencial número 2026000735 de data 29/01/2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do servizo de redacción do proxecto básico e de execución de reforma dunha edificación para área de recepción de visitantes do Castelo de Soutomaior.



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 4/02/2026. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación, a Mesa de Contratación acorda:

Admitir as seguintes empresas e empresarios:

- RICARDO PARINETE VILLASUR 12773962S
- SANTASOLEIRA B70921796
- DAVID VÁQUEZ GARCIA 44482311N

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación técnica dos "sobres A" ao persoal técnico do Servizo de Arquitectura, para que avalíe e pondere a proposta técnica, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

9. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de renovación parcial do sistema de aire acondicionado do CPD da Deputación. (Expte.- 2025070768).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno na sesión de data 26/12/2025 aprobouse a expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, dos traballos de renovación parcial do sistema de aire acondicionado do Centro de Proceso de Datos principal de Deputación de Pontevedra. Por acordo da Xunta de Goberno de data 23/01/2026 rectifícanse os pregos administrativo e técnico de dito procedemento.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23/01/2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión celebrada o día 12/02/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentados polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez examinada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir ós seguintes licitadores:

- DALDARA TECHNOLOGY SPAIN S.L. B13847777
- ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. B15123177
- SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A. A74257437

A Mesa de Contratación na reunión do día 12 de febreiro de 2026 tamén acordou trasladar a documentación técnica á Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías, para a súa valoración.

Con data 16/02/2026, a Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías remite informe (csv: NC224LXH6AZGZRVM) sendo as puntuación obtidas no sobre “A” as seguintes:

CRITERIO	Máximo	ELECNOR	DALRADA	MANTOTAL
Descrición detallada do servizo	8,00	7,00	3,00	5,00
Plan de renovación do sistema de refrixeración	9,00	9,00	5,00	6,00
Plan de probas	8,00	8,00	5,00	8,00
TOTAL	25,00	24,00	13,00	19,00

A Mesa de Contratación, á vista do exposto no informe emitido xefa do servizo de Novas Tecnoloxías co (csv: NC224LXH6AZGZRVM) acorda:

1. Prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas para optar á adxudicación do contrato correspondente ao procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da renovación parcial do sistema de aire acondicionado do centro de proceso de datos principal da Deputación de Pontevedra.
2. Que se proceda á apertura dos sobres “B”, correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de renovación parcial do sistema de aire acondicionado do CPD da Deputación xa que os licitadores superan a cantidade mínima puntos (o 50% dos 25 puntos avaliables no sobre “A”) necesaria para poder continuar neste procedemento aberto simplificado de conformidade co establecido nos pregos.

10. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado



convocado para a contratación do servizo de renovación parcial do sistema de aire acondicionado do CPD da Deputación. (Expte.- 2025070768).

O Secretario informa ós asistentes das puntuacións do sobre A “xuízos de valor” acadadas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da “Renovación parcial do sistema de aire acondicionado do centro de proceso de datos principal de Deputación de Pontevedra, segundo o informe emitido Xefa do Servizo de Novas Tecnoloxías (CSV: NC224LXH6AZGZRVVM) e que é a seguinte:

CRITERIO	Máximo	ELECNOR	DALRADA	MANTOTAL
Descrición detallada do servizo	8,00	7,00	3,00	5,00
Plan de renovación do sistema de refrixeración	9,00	9,00	5,00	6,00
Plan de probas	8,00	8,00	5,00	8,00
TOTAL	25,00	24,00	13,00	19,00

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan neste procedemento aberto simplificado que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliábeis mediante fórmulas.

Os valores ofertados polas empresas no sobre “B” foron os seguintes:

- DALDARA TECHNOLOGY SPAIN S.L. B13847777

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	99360,10 €
IVE 21 %:	20.865,62 €
Importe total ofertado:	120.225,72 €

- ELECTRONICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. B15123177

1. Prezo ofertado:



Importe sen o IVE:	99.600 €
IVE 21 %:	20.916 €
Importe total ofertado:	120.516 €

- SERVICIOS INTEGRALES DE GESTION Y MANTENIMIENTO S.A. A74257437

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	99.129,99 €
IVE 21 %:	20.817,30 €
Importe total ofertado:	119.947,29 €

As puntuacións obtidas na valoración dos criterios do sobre “B” son as seguintes:

CRITERIOS DE VALORACIÓN	DALDARA TECHNOLOGY SPAIN S.L.	ELECTRONICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L.	SERVICIOS INTEGRALES DE GESTION Y MANTENIMIENTO S.A
1. Menor prezo ofertado (máx 75 puntos)	64,48	63,73	65,25

As puntuacións totais dos sobres A+B, son as seguintes:

	DALDARA TECHNOLOGY SPAIN S.L.	ELECTRONICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L.	SERVICIOS INTEGRALES DE GESTION Y MANTENIMIENTO S.A
Sobre A	13	24	19
Sobre B	64,48	63,73	65,25
Total	77,48	87,73	84,25

A Mesa de Contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da renovación parcial do sistema de aire acondicionado do Centro de Proceso de Datos principal da Deputación de Pontevedra, que queda da seguinte forma:



POSICIÓN	LICITADOR	SOBRE "A"	SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1ª	ELECTRONICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L.	24	63,73	87,73
2ª	SERVICIOS INTEGRALES DE GESTION Y MANTENIMIENTO S.A	18	65,25	84,25
3ª	DALDARA TECHNOLOGY SPAIN S.L	13	64,48	77,48

2. Propor ó órgano de contratación, neste caso o Deputado Delegado da área se Novas Tecnoloxías e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para contratación da "Renovación parcial do sistema de aire acondicionado do centro de proceso de datos principal da Deputación de Pontevedra" á empresa ELECTRONICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. que acada a mellor puntuación, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polo prezo ofertado, e dacordo co seguinte detalle:

Prezo ofertado:

Importe sen IVE	99.600,00€
21% de IVE	20.916,00€
Importe total co IVE	120.516,00€

A Mesa de Contratación comproba que a empresa ELECTRONICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L.(B15123177) figura inscrita no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

3. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles, contados dende o seguinte ó do seu envío, aporte a documentación establecida nos pregos, entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de: 4.980,00 €
4. Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e trinta minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

